

**Expediente núm.:** 1219/2022

**Actividade:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

**Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

**Asunto:** Convenio interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Pereiro de Aguiar (O) para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2022, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020

**Obra/servizo subvencionado:** Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais ano 2022

### RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

**ASUNTO:** Contratación de aspirantes que superaron o proceso de Selección de persoal laboral temporal ao abeiro do Convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Pereiro de Aguiar (O) para a "Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais ano 2022" (Xefe de brigada)

Visto o expediente tramitado para a selección de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar, dun/ha (1) xefe de brigada para a obra / servizo "Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais ano 2022", cuxas bases foron aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local, reunida en sesión extraordinaria, de data 17 de xuño de 2022, e posteriormente publicadas, en extracto, no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, no Taboleiro de anuncios e na Páxina Web deste Concello con data do 23 de xuño de 2022.

Vista a proposta do Tribunal cualificador das probas e de acordo coa orde de puntuación obtida no referido proceso selectivo.

Visto o informe emitido pola empresa Ibersys. Seguridade e saúde laboral, S.L. sobre os resultados finais da proba física de esforzo e o recoñecemento médico dos/as aspirantes propostos polo noso Concello.

Visto o certificado de formación emitido pola empresa Ibersys. Seguridade e saúde laboral, S.L., acreditando a asistencia ó Curso de formación en seguridade e extinción de incendios forestais dos/as aspirantes propostos polo noso Concello.

De conformidade co establecido no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e demais disposicións concordantes,

### RESOLVO

**Primeiro.-** Contratar ós/ás seguintes aspirantes propostos polo Tribunal cualificador, e que superaron as probas selectivas do proceso de Selección de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar, dun (1) xefe de brigada para a obra / servizo "Brigada prevención e defensa contra incendios forestais ano 2022", de acordo coa orde de puntuación obtida no proceso selectivo:

LUIS MENOR PÉREZ (1 para 2)  
ALCALDE  
ALCALDÍA  
HASH: 007304d4e1bcd1f0d52075d5227cann



JOSÉ ANTONIO CIBREJINA PÉREZ (2 para 2)  
SECRETARIO - IBERSYS FOR  
ALCALDÍA  
HASH: 06554207e0a6561dc5a9a4c21051a1f68



**DECRETO**  
Número: 2022-0014 Data: 19/07/2022



Cod. Validación: 9959SC6TGS5P70C2EJ43694FP | Corrección: https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



**CONCELLO  
O PEREIRO DE AGUIAR**

	APELIDOS E NOME	DNI	EXENTO GALEGO	EXPERIENCIA PROFESIONAL	FORMACIÓN	PROBA DE COÑECEMENTOS	TOTAL PUNTOS	PROBA FÍSICA ESFORZO	CERTIFICADO MÉDICO APTITUDE	CURSO FORMACIÓN
1	Quintas Martínez, Alexandre	6042	SI	1,80	0,50	9,50	11,80	APTO	APTO	APTO

**Segundo.-** Contratar ós/ás anteditos/as aspirantes para o período comprendido entre o 20 de xullo de 2022 e o 19 de outubro de 2022, para a obra / servizo "Brigada prevención e defensa contra incendios forestais ano 2022" ao abeiro do Convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Pereiro de Aguiar (O), na categoría profesional de "xefe de brigada", cos seguintes custos salariais:

PERSOAL BRIGADA INCENDIOS	GRUPO PROFESIONAL	TIPO XORNADA %	RETRIBUCIÓN BRUTA MENSUAL (1)
Xefe de Brigada	III	100,00%	1.726,76

(1) Incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e complementos salariais suxeitos a cotización mensual

**Terceiro.-** Formalizar o contrato de traballo na modalidade de contrato por obra ou servizo determinado, segundo o artigo 15 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores, e o artigo 2 do Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada, en réxime de dedicación a tempo completo.

**Cuarto.-** A quenda de reserva queda establecida pola seguinte orde de puntuación, se ben irase actualizando conforme ao disposto nas Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal no Concello do pereiro de Aguiar, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local, reunida en sesión extraordinaria, de data 17 de xuño de 2022, e posteriormente publicadas, en extracto, no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, no Taboleiro de anuncios e na Páxina Web deste Concello con data do 23 de xuño de 2022:

	APELIDOS E NOME	DNI	EXENTO GALEGO	EXPERIENCIA PROFESIONAL	FORMACIÓN	PROBA DE COÑECEMENTOS	TOTAL PUNTOS
1	Fernández Rodríguez, Tirso	9370	SI	1,50	1,70	6,50	9,70
2	Lorenzo Marquina, Enrique	9540	SI	0,00	0,00	6,50	6,50

**Quinto.-** Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello ([www.concellopereiro.com](http://www.concellopereiro.com)).

**Sexto.-** Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

**Sétimo.-** Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados/as interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade







## CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario – Interventor dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,  
Luís Menor Pérez

O Secretario – Interventor,  
José Antonio Cerdeira Pérez

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE**

**DECRETO**  
Número: 2022-0014 Data: 19/07/2022



Cod. Validación: 99898C8TGSSSPZPC2EJ43694FP | Conexión: <https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3